



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA - PRESIDENCIA

Expediente: 477/2021

Asunto: Resolución provisional da Convocatoria de axudas en concorrencia non competitiva a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "TAHUME VII" 2021/22.

D. JOSÉ LUIS OUJO POUZO, Alcalde-Presidente do Concello do Porto do Son, no exercicio das facultades que lle confiren o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG),

Antecedentes

Vista a convocatoria de axudas en concorrencia non competitiva a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "TAHUME VII" 2021/22, publicada no BOP nº 120 do 27/06/2022 e a ordenanza de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego publicada no BOP nº 177 do 16/09/2021 e visto o Decreto da Alcaldía nº 179/2022 de Aprobación convocatoria de axudas en concorrencia non competitiva a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "TAHUME VII" 2021/22.

Vista a solicitude presentada pola CMVMC Parroquia de Nebra, de data 04/07/2022 nº de rexistro 2022-E-RE-1333.

Visto o previo informe do persoal directivo do Obradoiro de Emprego no que se desprende que o beneficiario cumpre todos os requisitos necesarios para acceder á axuda e a proposta dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local de data 02/08/2022,

Considerando o disposto na base 9 do Decreto da Alcaldía nº 179/2022 de Aprobación convocatoria de axudas en concorrencia non competitiva a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "TAHUME VII" 2021/22.

Visto canto antecede, **ACORDAR:**

Primeiro.- Aprobar de forma provisional a concesión dunha axuda dos incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "TAHUME VII" 2021/22 á CMVMC PARROQUIA DE NEBRA para a contratación de dous (2) alumnos traballadores, seguindo a orde de prelación recollida na Disposición adicional primeira da Ordenanza de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego (BOP nº 177 do 16/09/2021).





Segundo.- A proposta de resolución provisional, publicarase na páxina web do Concello, concedendo un prazo de dez días para presentar alegacións. Transcorrido dito prazo e examinadas as alegacións presentadas no seu caso polos interesados, o órgano instructor formulará a proposta de resolución definitiva que presentará ao Alcalde para a súa aprobación.

Asinado en Porto do Son por medios electrónicos polo alcalde, José Luis Oujo Pouso, do que eu, Mónica Pichel García, como secretaria, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).

